

## COMUNICADO EN RELACIÓN COA FUTURA TITULACIÓN DE PSICOPEDAGOXÍA

A **Asociación Nacional de Doctores e Licenciados en Psicopedagogía (A.N.D.L.Pp)** e a **Confederación de Organizacions de Orientación e Psicopedagogía de España (C.O.P.O.E.)**.

Ante a proposta dada a coñecer o 17 de marzo do 2005 polo grupo de rectores encargados de diseñar o **Mapa de Titulacións de Ciencias Sociais de cara á converxencia europea**, consideramos oportuno e necesario facer ante o Ministerio de Educación, os rectores das universidades, administración educativa, axentes sociais e a opinión pública as seguintes **MANIFESTACIÓNS**:

1º) Nos congratulamos pola proposta de elevar o nivel da formación dos títulos de Mestre e por considera-la formación pedagóxica do profesorado de educación secundaria como un postgrado.

2º) A pesar diso, sentímonos enormemente defraudados **polo tratamento que deu ós títulos da área de Educación fronte á de Psicoloxía**, reducíndose os primeiros a 180 ectes (créditos europeos), e sen unha proposta clara de Títulos de Postgrado, mentras que á segunda outorgabanselle 240 créditos e unha exhaustiva proposta de novos Postgrados.

3º) Resulta inaudito que, sen mediar aviso ni razón, se declare que o postgrado de Psicoloxía da Educación **“asumirá” a actual titulación de segundo ciclo de Psicopedagogía**. Si, segundo os termos eleixidos, dunha apropiación se trata, ni cremos que sexa ese un obxectivo do proceso de converxencia, nin que sexa explicable que se tome a responsabilidade dun título polo procedemento polo que se quere facer, máis aínda, limitando o acceso a dito postgrado, en exclusiva, ós licenciados en psicoloxía, deixando fora ós que, ata agora, formaban a maioría do alumnado desta titulación: Mestres, Educadores Sociais e estudantes do Primeiro Ciclo de Pedagogía.

4º) Todavía é máis paradóxica esta postura por canto é ben coñecida a resistencia que, desde las facultades de Psicoloxía, e desde o Colexio profesional correspondente, se puxo para que non se creara esta titulación, razón pola que, ademáis da pertinencia epistemolóxica e profesional, **a titulación de Psicopedagogía se adscribiu maioritariamente ás Facultades os centros que imparten os títulos de educación e profesorado**.

5º) A realidade institucional hoxe amosanos que **53 centros universitarios en España ofertan o título de Psicopedagogía**, mentras que o de Psicoloxía o ofertan 34. A ninguén que governe e xestione os recursos humanos e materiais con responsabilidade se lle pode excusar ó no tener en conta estas consideracións. ¿Acaso asumírase o título sólo por parte das universidades onde

coincida a existencia das dúas titulacións? ¿Pensaron crear dezanove facultades máis de Psicoloxía?

**SOLICITAMOS**, por todo esto, que se consideren as razóns aducidas e que nun clima de discusión **aberto, transparente, razoado e documentado** se establezca un mapa de titulacións, **máis atento ás necesidades do sistema educativo que ós intereses dalgúns colectivos profesionais**, tendo en conta os recursos disponibles —froito de realidades instituídas— e procurando a consideración dos intereses da universidade no seu conxunto, así coma o principio de colaboración entre as súas partes, por encima da desigual capacidade de influir na toma de decisións.

**Manifestamos a nosa firme convicción da necesidade de que o título de Licenciado en Psicopedagogía se manteña dentro do novo Catálogo Oficial de Titulacións**, seguindo o exemplo de multitude de países de América Latina, onde dito título coexiste cós títulos de Pedagogía e Psicoloxía, cun campo de actuación propio e ben delimitado.

No caso de levarse a término a anunciada supresión do noso Título de Grado, extremo indesexable, cremos fundamental a súa supervivencia, como mínimo, como Título de Postgrado, **con acceso desde as mesmas titulaciones que na actualidade: Maxisterio, Educación Social, Pedagogía e Psicoloxía**; permitindo a especialización de todos estes titulados en dita área de coñecemento.

Desexamos que se aclare o porvenir dos **13.300 Licenciados en Psicopedagogía** do noso país, e dos actuais estudantes de dita carreira, facéndose públicas as intencións do Ministerio de Educación no referente á homologación dos seus títulos cós do Novo Catálogo de Titulacións de Grado, de tal xeito que se asegure que, en ningún caso, perderán ningunha das súas actuais competencias profesionais.

Fdo. D. Antonio Miguel Rodríguez González  
Presidente de la A.N.D.L.Pp

Fdo. D. Juan Antonio Planas Domingo  
Presidente de la C.O.P.O.E.

(Asociación Nacional de Doctores y Licenciados en Psicopedagogía) (Confederación de Organizaciones de Orientación y Psicopedagogía de España)